

Debate electoral 2015 PP, BNG, PSOE



P8

Sábado 16 de maio ás 19:00 horas na Casa da Cultura de Melide

EMPRESA

Aumenta a demanda de solo industrial no polígono da Madanela

COMARCA

Melide, cuarto concello galego con mellor taxa de doazón por habitante

CULTURA

A festa da 3ª idade levanta polémica na precampaña electoral

ENTREVISTA



**Eva Novás,
avogada**

Asetem dará a coñecer o seu labor a través da radio local



A nova campaña da patronal, *Sintoniza co teu comercio*, consistirá nun concurso a través do que se sortearán 1.200 € entre os clientes durante un ano. P3

Foliada e Melindre marcan o inicio do calendario festeiro



Última fin de semana de abril e primeira de maio. Veciños e visitantes prepáranse xa para vibrar con dúas das festas máis emblemáticas de Melide. P16

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

25 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Un tratado antidemocrático

Alomenos xa sabemos da súa existencia, aínda que a información sexa totalmente insuficiente polo segredo co que se estivo e se está a negociar o Acordo Transatlántico de Comercio e Inversión, máis coñecido como TTIP. Son as siglas en inglés baixo as que os EEUU e a Unión Europea cociñan dende a opacidade a maior área de libre comercio do mundo, homoxeneizando a lexislación e eliminando aranceis, entre outras medidas, para supostamente favorecer o intercambio comercial e o crecemento económico en ambas as dúas beiras do océano.

Pero aínda sen coñecer a letra pequena, son cada día máis as voces que se alzan contra este acordo no que non ven máis ca unha degradación das normas, das salvagardas e das garantías sociais propiciada polas grandes empresas multinacionais en beneficio propio. Xa que logo, poida que non se trate só de comercio, senón tamén de dereitos das persoas e mesmo de democracia.

Os cidadáns veríanse afectados negativamente por este acordo en diferentes ámbitos: o primeiro deles o do traballo, como consecuencia de igualar as normativas laborais de Europa e dos EEUU, lugar onde de maneira flagrante nin sequera se cumpren moitas das recomendacións feitas pola



Organización Internacional do Traballo. O impacto sería igual ou maior no eido do medio ambiente, xa que equiparar as normativas suporía dar entrada en Europa a produtos ata agora prohibidos como a carne de animais hormonados ou os agrícolas transxénicos.

Na negociación do TTIP discútese tamén sobre a chamada Cláusula de Protección de Inversións, un mecanismo que lle permitirá ás grandes corporacións demandar ao goberno dun país cada vez que aprobe unha lei que vaia en contra dos seus intereses. Esas demandas non irán aos tribunais nacionais, senón a tribunais de arbitraje alleos ao ámbito legal do país en cuestión e integrados por avogados privados que poden

obrigar aos estados a pagar multas millonarias con cartos dos contribuíntes.

Ademais o TTIP prevé crear un Consello de Cooperación Reguladora, isto é: algo parecido a unha mesa de negociacións a porta pechada e totalmente á marxe do debate público na que se sentarán as empresas unha vez que se ratifique o tratado para seguir negociando sobre aqueles sectores nos que non se chegou a un acordo.

Sabemos pouco e xa sabemos demasiado: non estamos máis que ante un proceso paralelo aos parlamentos, á cidadanía e ao control democrático que lle outorga un poder inusitado ás multinacionais en detrimento da soberanía dos gobernos e do interese xeral.

Tribuna de opinión

Debate electoral

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



O vindeiro 24 de maio celébranse eleccións municipais. Oito días antes da cita coas urnas, o 16, os tres candidatos á alcaldía de Melide expoñerán ante a veciñanza as súas propostas de goberno. Será no marco dun debate electoral que terá como escenario a Casa da Cultura e que están a organizar conxuntamente os xornais Cerna e Crónicas da Comarca.

Dentro da humildade que comporta unha proposta destas características, non deixará de ser un momento histórico para Melide, pois nunca antes se realizou un acto semellante. Como parte implicada na organización, en tanto responsable última do xornal Cerna, para a xunta directiva de Asetem-Cca su-

pón todo un orgullo axudar a fortalecer a cultura democrática no municipio, fomentando a confrontación de ideas de forma libre e cordial.

En todo momento o debate electoral foi organizado pensando nos veciños e veciñas do concello e no dereito que teñen como cidadáns a escoitar e coñecer os proxectos de goberno de quen aspira a xestionar o seu día a día durante os próximos catro anos. Así o entenderon tamén os candidatos, a quen queremos agradecer o interese que amosaron polo debate dende o primeiro momento e a súa total disposición a participar.

Non falta máis que a asistencia do público ese día para completar a festa da democracia. Contamos con vostedes.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓN: César Camoira, Pepe Núñez, Xosé Núñez
AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Álex Seoane,
Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	8
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	16
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23



A nova campaña de Asetem “Sintoniza co teu comercio” sorteará 1.200 euros entre os clientes

Tan doado como escoitar a radio municipal, mostrar interese polas actividades de Asetem e responder a preguntas do máis sinxelo. Esa será a forma en que os clientes do centro comercial aberto de Melide poderán entrar no sorteo dos 1.200 euros que repartirá a patronal a través da súa nova campaña de dinamización.

“Sintoniza co teu comercio”, como se bautizou esta iniciativa, dará comezo no mes de maio e desenvolverase durante un ano en colaboración con Radio Melide. “O que pretendemos é achegar os establecementos asociados aos clientes e dar a coñecer o traballo que realizamos dende

aquí no día a día”, explica o presidente de Asetem, Manuel Vázquez.

Un sorteo cada mes

A campaña consistirá en emitir en directo na radio municipal un espazo semanal de 15 minutos de duración no que se fale de diferentes temas relacionados coa actividade de Asetem. Cara ao remate de cada un dos programas, formularase unha pregunta sobre os contidos expostos ese día e abriranse as liñas telefónicas para que os/as oíntes poidan dar a resposta. A cada unha das persoas que acerten asignaráselle un número e todas elas entrarán no sorteo de 100

euros que se realizará ao final de cada mes.

Os cartos entregaranse en forma de vales e terán que ser consumidos nos establecementos ou empresas asociadas a Asetem. Para poder cobra-los, a persoa agraciada no sorteo deberá demostrar que é cliente habitual do centro comercial melidense. Farao presentando tickets ou facturas ata sumar un valor mínimo de 60 euros por compras feitas en negocios que sexan socios de Asetem. Disporá dun mes dende a data do sorteo tanto para presentar os tickets como para gastar o premio.

Ningún comercio ou empresa poderá ser beneficiario

en máis dunha ocasión. É dicir, aqueles establecementos nos que os clientes premiados gasten cartos, quedarán excluídos de cara aos vindeiros sorteos.

O espazo radiofónico “Sintoniza co teu comercio” incluírá entrevistas con membros da directiva de Asetem, expertos en diferentes materias e titulares de negocios de Melide. Entre os 52 temas que se tratarán ao longo do próximo ano están cada unha das campañas realizadas pola patronal, a súa historia, os servizos que ofrece, os cursos formativos, convenios asinados con diferentes entidades ou celebracións e eventos.

AXUDAS

PARA MAQUINARIA E EQUIPAMENTOS AGRARIOS EN RÉXIME ASOCIATIVO

Investimentos subvencionables: maquinaria agrícola nova e estudos técnico - económicos de viabilidade.

Beneficiarios: as cooperativas agrarias, as SAT, así como outras agrupacións con personalidade xurídica propia, para investimentos directamente relacionados coa súa actividade.

Prazo: ata o 16/04/2015

PARA RENOVAR CUBERTAS CON LOUSA E CON TELLA CERÁMICA

Gastos subvencionables: materiais, montaxe e desmontaxe das cubertas, proxecto e licenzas.

Beneficiarios: particulares ou comunidades de propietarios.

Prazo: Ata o 13/06/2015

PARA REHABILITAR FACHADAS USANDO GRANITO

Gastos subvencionables: memorias, informes técnicos ou proxectos, desmontaxe, materiais e man de obra.

Prazo: ata o 13/06/2015

VIVE EN FAMILIA EL ESPECTÁCULO ORIGINAL DE LA FAMOSA SERIE DE TELEVISIÓN



Promueve:



Lugar: Palacio de Congresos y Exposiciones de Santiago
(C/Miguel Ferro Caaveiro s/nº-San Lázaro, 15707 Santiago)

Día: 24 de mayo de 2015

Sesiones: 12:00 / 16:30 / 19:00 (apertura de puertas 1h antes)

Venta de entradas: Centro Comercial As Cancelas (Santiago)
y Ticketea.com

GIRA INTERNACIONAL 2014 / 2015



Abrimos los sábados por la mañana

*Multiópticas Tábor
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide - A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99*

***Multiópticas y
Microaudio***

O parque empresarial da Madanela pega o estirón en plena crise

Nos últimos dous anos vendéronse no parque empresarial de Melide máis parcelas ca nos seis anos anteriores. Nun momento de vacas fracas para a actividade industrial, a Madanela vive unha nova idade de ouro grazas, en parte, á política de redución de prezos do chan industrial aplicada pola Xunta de Galicia.

Na actualidade estanse a construír no polígono tres naves: unha estará dedicada á fabricación de pellets, outra ao envasado de castañas e a terceira albergará un taller mecánico. Ademais, outras dúas están pendentes de obter licenza para comezar as obras de construción. En total vendéronse 14 parcelas no parque da Madanela dentro das dúas convocatorias que houbo de venda de solo a prezos rebaixados. A día de hoxe quedan 19 libres. Segundo asegura o edil de promoción económica, Santos Ló-



Nova nave case rematada que acollerá un taller mecánico

pez, o Concello está a manter na actualidade conversas con varias empresas polo que, estima, “a finais de ano posiblemente queden menos de 10 parcelas sen vender”.

Da evolución do polígono deu boa conta o director xeral de Industria, Ángel Tahoces,

que se desprazou ata a Madanela a finais de marzo. Na visita, e acompañado polo equipo de goberno municipal, mantivo unha xuntanza con mozos emprendedores interesados en adquirir novas parcelas para ampliar negocios xa existentes.

O ÚLTIMO INTENTO PARA MELLORAR O ACCESO A INTERNET

O desenvolvemento da Madanela viuse coartado en non poucas ocasións polas limitacións a nivel de infraestruturas e servizos que presenta o polígono. Unha delas é o deficiente acceso a internet, que o goberno municipal intentará corrixir nun novo intento por garantir unha conexión e unha velocidade aceptables.

“É o noso cabalo de batalla”, explica a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, “viñeron cen mil empresas de telecomunicacións e agora parece que hai unha que pode solucionalo”. Trátase, en concreto, de ONO, que xa realizou unha proba piloto e que está pendente de que o Concello lle dea permiso para instalar unha antena na parcela onde se habilitou o punto limpo.

A solucionar un problema “que non lle fai a vida fácil ás empresas aquí instaladas” contribuirá tamén o novo plan de banda ancha para polígonos que vai lanzar a Xunta. Esa foi unha das medidas anunciadas por Ángel Tahoces durante a súa visita á Madanela xunto coa nova liña de axudas para a mellora de par-



Ángel Tahoces con membros do goberno local no taller de Cervisa

ques empresariais á que xa poden optar os concellos galegos. Está dotada con 1 millón de euros e subvencionará o 80% dos investimentos realizados, cun importe máximo de 120.000 euros.

Esta liña de axudas subvencionará sistemas de control e vixilancia, depuradoras de auga, instalacións de loita contra incendios, a xestión de residuos ou a instalación de sistemas para xerar enerxía. No caso do Concello de Melide, a rexedora xa avanzou

que se vai pedir unha subvención para construír colectores de augas residuais e conectalos á depuradora municipal: “Augas de Galicia xa está traballando no proxecto e serán eles quen nos digan as liñas a seguir”, apuntou. Por outra banda, tamén se solicitará axuda para asfaltar varias vías dentro do polígono.

O parque empresarial da Madanela, con 250.000 metros cadrados, alberga 83 empresas e dá traballo a algo máis de 250 persoas.

NORMATIVA DE INTERESE

COTIZACION AUTÓNOMOS (RETA)

Ata o 30 de abril os traballadores autónomos teñen a oportunidade de modificar a súa base de cotización e as respectivas cotas mensuais co obxectivo de aumentar a base de cálculo de cara á xubilación ou para ter máis cobertura nas baixas por incapacidade temporal. As modificacións están suxeitas aos límites de idade e terán efecto a partir do 1 de xullo. As solicitudes de modificación feitas no segundo prazo (ata o 31 de outubro) terán efecto a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Con carácter xeral, a base mínima de cotización dos traballadores do Réxime Especial de Traballadores Autónomos é de 884,40 €/mes, e a base máxima ascende a 3.606,00 €/mes.

.- BASE COTIZACIÓN DE AUTONOMOS CON IDADE MENOR OU IGUAL A 47 ANOS

Os traballadores que a 01/01/15 sexan menores de 47 anos, poderán elixir unha base de cotización comprendida entre a base mínima e a base máxima. Tamén poderán elixir, os traballadores de 47 anos cuxa base de cotización de Decembro 2014 fose igual ou superior a 1.926,60 euros, ou ben, aqueles que causen alta no RETA a partir desa data.

Traballadores que a 01/01/15 teñan 47 anos e a base de cotización de Decembro 2014 fose inferior a 1.926,60 €, a súa base máxima será de 1.945,80 €/mes, salvo que exerciten a súa opción antes do 30/06/15.

.- BASE COTIZACIÓN RETA CON 48 OU MÁIS ANOS DE IDADE

Traballadores que a 01/01/15 teñan 48 ou máis anos, a súa base de cotización estará comprendida entre 953,70 € e 1.945,80 € mensuais.

Os traballadores que a 01/01/2011, tiñan 48 ou 49 anos (é dicir, 52 ou 53 anos en 2015) e a súa base de cotización era superior a 1.926,60 €/mes, poderán optar por unha base de cotización comprendida entre 884,40 € e a súa base de cotización (en 2011) incrementada nun 0,25% (ou ata 1.945,80 €, en caso de non acadarse).

.- BASE COTIZACIÓN DE MAIORES DE 50 ANOS, CON 5 OU MÁIS ANOS COTIZADOS

Se a última base de cotización fose menor ou igual a 1.926,60 €, a base de cotización estará comprendida entre 884,40 e 1.945,80 euros mensuais.

Se a última base de cotización é superior a 1.926,60, deberá cotizar por unha base comprendida entre 884,40 euros mensuais e o importe da súa base de cotización incrementada nun 0,25%, (ou ata 1.945,80 €/mes, en caso de non acadarse).

Os traballadores autónomos que nalgún momento de 2014 contasen con 10 ou máis traballadores ao seu servizo e os autónomos das sociedades mercantís, terán unha base mínima de cotización de 1.056,90 €/mes.

Información facilitada por CC XESTIÓN

Tfí: 881 973 307

Melide estreará á volta do verán o viveiro comarcal de empresas

Pasado o verán entrará en funcionamento o viveiro de empresas de Melide, un espazo ideado coa intención de prestarlle aos emprendedores da comarca as infraestruturas e o asesoramento necesario para poder sacar adiante os seus proxectos empresariais.

Esta incubadora contará con seis despachos e unha sala común que se habilitarán na planta baixa do Edificio Multiusos, un espazo que visitaron recentemente o presidente e o secretario da Cámara de Comercio de Santiago, entidade que colabora na posta en marcha deste proxecto impulsado polo Concello.

Precisamente en Compostela leva funcionando dende 2006 un viveiro semellante con óptimos resultados: o 80% das empresas que pasaron por el seguen con activi-

dade, cando “o normal” é que o 60% “morrán antes de chegar aos dous anos de vida”, explicou Fernando Barros, presidente da entidade cameral.

Unha vez que se adxudiquen as obras de reforma, o seguinte paso antes de inaugurar a incubadora será asinar un convenio entre o Concello e a Cámara de Comercio para planificar a xestión e as actividades que se realizarán a tra-

vés dela: “o viveiro é un espazo pero hai que dinamizalo”, apuntou Barros.

En principio o Concello será o encargado de administrar o viveiro, que ten un orzamento de 180.000 euros financiado nun 80% con fondos FEDER. A Cámara desenvolverá funcións de titoría, asesoramento e formación para os emprendedores que se instalen na incubadora.



Responsables da Cámara de Santiago co equipo de goberno no Multiusos

A campá silenciosa Villamor conquista as cociñas melidenses

“Agora por fin podo escoitar a radio mentres cociño”. Gema Vázquez Pandelo está encantada dende que a campá extractora Villamor entrou silenciosamente na cociña da súa casa de Eirexe, na parroquia melidense de San Salvador: “se tes unha pota ao lume, fai máis ruído a pota ca o extractor”, comenta, “e polas noites xa podemos falar un conto”.

O de Gema foi un premio merecido e perseguido: o que sorteou Julio Villamor, inventor da campá extractora silenciosa, a través dun programa-concurso en Radio Melide no que durante dous meses informou sobre cuestións de interese xeral como os testamentos, os graos de parentesco na lei, as herdanzas ou os documentos públicos e privados.

O máximo número de respostas correctas de entre os 10 participantes no concurso valeulle a Gema o regalo da campá silenciosa, que xa está instalada na súa cociña e á que só lle ve vantaxes. Non é para menos, pois a campá Villamor xera un ruído de 49 decibelios na marcha máis alta mentres que un extractor normal acada os 80. O consumo máximo será de 85 watios, fronte aos 250 de cada un dos dous motores da vella campá.



Julio Villamor e Gema Vázquez

COS CINCO SENTIDOS

Consellos para a prevención de riscos laborais

María Botana Rocamonde

Responsable do Servicio de Prevención de Riesgos Laborales da Confederación de Empresarios de A Coruña



2. A percepción do risco

Na análise das causas de sinistros laborais entran en xogo factores técnicos, organizativos e humanos. En relación cos dous primeiros contamos con lexislación, estudos e asesoramento sobre os equipos de traballo, ferramentas, produtos e procedementos que unha empresa debe ter ao seu dispor para garantir un entorno de traballo seguro. Porén, sobre o factor humano só contamos coas ferramentas da formación e da información para abordar todo o problema.

Segundo W. H. Heinrich, estadounidense pioneiro da seguridade industrial nos anos 30 que desenvolveu a denominada teoría do efecto dominó, o 88% dos accidentes están provocados por actos humanos perigosos, o 10% por condicións perigosas e o 2% por feitos fortuítos. Propuxo unha “secuencia de cinco factores no accidente” na que cada un actuaría sobre o seguinte de maneira semellante a como o fan as fichas de dominó, que van caendo unha sobre outra. Así sería a secuencia: 1. Antecedentes e contorna social; 2. Fallo do traballador/a; 3. Acto inseguro unido a un risco mecánico e físico; 4. Accidente; 5. Dano ou lesión.

Heinrich propuxo que do mesmo xeito en que a retirada dunha ficha de dominó da fila interrompe a secuencia de caída, a eliminación dun dos factores evitaría o accidente e o dano resultante, sendo a ficha número 3 aquela cuxa retirada é esencial. Por iso non se deben centrar os esforzos preventivos exclusivamente nos aspectos técnicos e organizativos; tamén hai que prestarlle atención ao factor humano.

Pero acontece que as persoas ao observaren a realidade non o fan dunha maneira neutral, senón que as súas necesidades, desexos, expectativas, valores, aprendizaxes ou coñecementos previos inflúen no que ven e recordan. A percepción dos riscos, e en concreto a súa valoración, está influenciada por numerosos factores. Mentres que un risco non se percibe ou non se detecta, non se evita por grave que sexa. Os mecanismos de identificación dos riscos baséanse en aspectos como a novidade ou a familiaridade de dito risco. É dicir, unha persoa afeita a traballar cun risco acéptao como unha situación de normalidade, xa que realizará unha valoración do mesmo moi inferior á que faría outra persoa non habituada a ese tipo de traballos.

Xa que logo, é importante coñecer e analizar o nivel percibido de risco no lugar de traballo para fortalecer actuacións formativas e informativas da empresa que logren concienciar aos traballadores/as.

EMPRENDEDORES EN MELIDE

GUTIER PENAS TABOADA, PULPERÍA TABOADA (Avenida de Lugo, nº 22)

“As nosas tres especialidades son o pulpo, o churrasco e a carne á pedra”

-Que tipo de pratos pode degustar o cliente no seu establecemento?

-Gutier Penas (G.P.): Como indica o propio nome do negocio, a nosa especialidade é o pulpo, xunto co churrasco. Pero ademais diso están tendo moita saída por exemplo os pementos recheos, os revoltos, os chipiróns... e por suposto, as carnes: a croca, o entrecot e o chuletón de boi gustan moito en xeral. Tamén somos o único establecemento de Melide que fai carne á pedra. Outra das cousas que nos distingue son as sobremesas, feitas todas na casa.

-Ofrecen diferentes tipos de menús. Cales son?

-G.P.: Por unha parte temos o menú do día a un prezo de 9 euros, con tres primeiros

pratos a elixir, tres segundos e postre. Á marxe diso, traballamos comidas e ceas por encarga con menús especiais para aniversarios ou calquera tipo de celebración. Nese caso adaptámonos ao que nos pida o cliente. Por último, temos tamén un menú pensado para os peregrinos, que a partir de agora empezarán a ser parte importante da nosa clientela. Custa 6 euros e inclúe entrantes e churrasco.

-Sendo de familia de pulpeiros, parte con certa vantaxe...

-G.P.: A primeira foi miña avoa, que hai máis de 40 anos xa poñía un posto de pulpo na feira de Melide. Logo seguiu miña nai. Eu comecei a axudarlle con 13 anos e cando faleceu collín as rendas do ne-

gocio e amplíei a toda España o servizo de catering que viñamos prestando dende había uns dez anos.

-A que tipo de catering se refire?

-G.P.: Tanto facemos unha pulpada nunha festa popular como servimos o menú dunha voda ou dunha comunión. Dispoñemos dunha carpa con capacidade para 600 persoas, temos camareiros propios e encargámonos de todo o necesario para organizar o evento. O verán pasado fixemos 14 comunións e estivemos en Barcelona, León, Salamanca, Lérida...

-Tendo xa esa liña de negocio, por que se decidiu a abrir o restaurante?

-G.P.: Nas fins de semana



Natalia Mejuto

Gutier Penas o día da inauguración do restaurante

teño moitísimo traballo pero durante a semana tiña ocos baleiros. Entón foi cando apareceu o local e me lancei a collelo, como complemento do que xa estaba facendo. A xente que me rodea animoume moito. En parte tamén me decidín por ter un sitio de referencia de Pulpería Tabo-

ada a onde poida vir comer a xente. Normalmente acudo cada anos ás mesmas festas e repito moitos eventos. Os clientes quedan contentos coa comida que servimos e sempre preguntan que a onde poden ir para comela sen necesidade de agardar un ano a que volvamos. Agora ese sitio xa existe.

Ven a conocernos

Síguenos en: Pulpería Taboada

Pulpería Taboada

- Menú del día
- Menú del peregrino
- Celebraciones y eventos
- Servicio de catering

Avda. de Lugo, 22 - MELIDE
Tlf.: 981 50 74 26
taboadapulperia@outlook.es

Os tres candidatos á alcaldía mediranse o 16 de maio nun debate electoral aberto ao público

Celebrarase na Casa da Cultura, organizado por Cerne e Crónicas da comarca



Xosé Igrexas



Ánxeles Vázquez



José Antonio Prado



A campaña electoral para as eleccións municipais do 24 de maio chegará desta volta a Melide cunha importante novidade: por primeira vez os candidatos á alcaldía enfrontaranse cara a cara nun debate

aberto ao público xeral.

Deste xeito Ánxeles Vázquez (PP), Xosé Igrexas (BNG) e José Antonio Prado (PSdG), daranse cita o vindeiro sábado 16 de maio na Casa da Cultura para expoñer ante a veciñanza

de Melide os seus respectivos programas de goberno para os vindeiros catro anos. O debate, organizado conxuntamente polos xornais Crónicas da Comarca e Cerne, dará comezo ás 19:00 horas e terá

unha duración aproximada de unha hora e media.

Durante ese tempo os candidatos confrontarán as súas ideas arredor de tres grandes bloques temáticos: facenda e investimentos; infraestruturas

e promoción económica; servizos sociais e cultura. En cada bloque disporán de sete minutos cada un, repartidos en catro intervencións: exposición inicial, réplica, segunda réplica e conclusión. A orde de intervención establecerase previamente por sorteo.

A cidadanía pregunta

Os veciños e veciñas de Melide terán a oportunidade de formularlle preguntas aos candidatos unha vez rematados os tres bloques de discusión. Poderán facelo de dous xeitos: por escrito o propio día do debate, empregando uns cartóns que entregará a organización, ou previamente enviando as cuestións á dirección de correo electrónico debateelectoralmelide2015@gmail.com, que xa está operativa. De entre todas as preguntas formuladas a organización escollerá seis, intentando garantir que as temáticas non se repitan e que todos os candidatos respondan.

O debate pechará cunha exposición final de argumentos na que cada partido terá dous minutos para realizar a súa conclusión.

A xestión do conservatorio municipal protagoniza a última agarrada da lexislatura entre BNG e PP

A recta final da lexislatura está a elevar a temperatura do escenario político municipal, no que PP e BNG intercambiaron recentemente duras acusacións, con ameaza de denuncia incluída, a conto da xestión do conservatorio municipal.

O detonante foi un informe elaborado polo servizo de intervención e presentado no pleno de liquidación do orzamento no que se admitía a existencia de dificultades “para realizar unha fiscalización adecuada” do conservatorio e para cotexar “os datos das nóminas, das contías cobradas, dos recibos que se emiten ou dos pagamentos fraccionados”.

Ante a contundencia do informe, o BNG saíu rapidamente ao paso para denunciar publicamente “a penosa xestión” realizada polo goberno local: “é vergonzoso que o PP se comporte así na xestión dos cartos públicos, e o máis grave



Ruta musical do alumnado do conservatorio nas festas de S. Roque

é que desaparecen cartos ou non se teña constancia dos ingresos de matrícula”, declarou aos medios de comunicación o voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas.

Tal afirmación non sentou nada ben nas bancadas dos po-

pulares, ao entender que estaban sendo acusados de roubar. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, saíu entón á palestra para esixir unha rectificación e ameazou con levar a Igrexas aos tribunais por “calumniar e difamar, supoño que intentando

sacar rendemento político”. Documentos en man, Vázquez demostrou que o descontrol no conservatorio non era do calibre que reflectía o informe de intervención. “Repasando os documentos atopo que somos capaces neste concello ata de pedir que nos ingresen 60 céntimos porque houbo un erro”, dixo Vázquez para engadir máis adiante: “admito que hai que mellorar pero non que se impute un delito e que se diga que collemos cartos”.

Finalmente non chegou o sangue ao río, pois o BNG aclarou que só quixo destacar “o que di o informe de intervención, que hai un descontrol administrativo”. Manteñen non obstante que o PP “intenta embarullar” e pídenlle á alcaldesa que explique cales son as propostas para arranxar “o problema” do conservatorio que, recordan, ten un déficit cada ano “de máis de 250.000 euros”.

Empuxón final para a Casa da Cultura

O presidente da Deputación, Diego Calvo, anunciou durante unha visita a Melide que o ente que dirixe apoiará economicamente ao Concello para rematar de xeito definitivo a Casa da Cultura. Será a través dun convenio mediante o cal a institución provincial achegará o 80% dos 226.000 euros necesarios para rematar a primeira planta.

As obras, que comezarán “o antes posible”, inclúen a instalación de 131 butacas (que se suman ás 255 xa existentes na planta baixa), a instalación dun ascensor, a adecuación dos baños, o acondicionamento acústico e a dotación de equipamento escénico para o edificio.

Bota a andar a nova gardería infantil con 35 prazas cubertas das 61 ofertadas

A gardería construída en Melide pola Fundación Amancio Ortega e integrada na rede de escolas infantís da Galiña Azul funciona xa a pleno rendemento dende mediados do mes de marzo.

Acoden a ela diariamente 35 cativos e cativas que, ademais dos coidados necesarios dispoñen tamén de comedor, un dos servizos máis valorados polos pais e nais e principal diferenza con respecto á gardería municipal, que segue en funcionamento polo de agora aínda que cun número reducido de meniños. Da escola dependente do Concello proceden tamén catro traballadoras, que foron subrogadas en calidade de persoal laboral polo Consorcio Galego de Benestar.

Na inauguración das instalacións, cuxo mantemento custearán entre Xunta e Concello e nas que se investiron preto de un millón de euros, estivo presente a conselleira



Imaxe do primeiro día de clase para os cativos na nova gardería

de Traballo. Beatriz Mato amosouse convencida de que a nova escola contribuirá a mellor conciliar a vida laboral e familiar e confía en que sirva ademais de antídoto “para a grave crise demográfica que temos e da que non estamos a saír”. Nese sentido apuntou que “máis e mellores servizos públicos fan Galicia máis

atractiva para a natalidade”.

Trala inauguración da Galiña Azul, Mato trasladouse ata a residencia de maiores para supervisar os traballos de ampliación realizados, que permitirán incrementar en 38 o número de prazas, chegando así ata 54. Tan só falta o equipamento, que xa está licitado por valor de 150.000 euros.

Microondas para a auga quente no centro de saúde

Novo capítulo sobre o estado do centro de saúde: o PSOE de Melide denuncia que o ambulatorio estivo un mes sen servizo de auga quente e que os profesionais sanitarios tiveron que botar man dun microondas para quente-la naqueles casos en que era necesaria.

Os socialistas aseguran que ante esta situación o goberno local “fixo caso omiso a pesar das continuas reclamacións do persoal” e engaden que nin Xunta nin Concello toman cartas no asunto para solucionar as múltiples deficiencias que presentan as instalacións: “simplemente acometen algunha medida cosmética como pintar e poñer bonita a entrada principal pero sen abordar a orixe do problema, que é o mal estado do tellado polo que se filtran as augas”, declara José An-

tonio Prado, candidato socialista á alcaldía, quen tamén acusa á alcaldesa de ser “cómplice dunha demolición controlada da instalación”.

Pola súa banda a rexedora, Ánxeles Vázquez, ve na denuncia do PSOE unha utilización interesada do centro de saúde “para facer política e campaña electoral”. Así o manifestou nun medio de comunicación ao tempo que defendeu a súa xestión asegurando que o concello soluciona todas as incidencias que se lle comunican o máis rápido posible.

O grupo municipal do BNG sumouse á polémica a través das redes sociais acusando a Vázquez de “mentir descaradamente” e de facer afirmacións na prensa sobre o centro de saúde a sabendas de que “está nun estado lamentable por culpa da súa desastrosa xestión”.

Roval
JOYERÍA



Colección Alianzas
2015



Máis de 30 anos conseguindo a confianza dos nosos clientes !!

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

En Xoiería Roval levamos máis de 30 anos poñendo os pendentes aos bebés recién nacidos. Unha tradición que se mantén co paso dos anos inalterable: poñemos ao teu bebé os pendentes de ouro.

Tamén temos o aparato para poñer os pendentes antialérxicos aos adultos (pendentes de aceiro quirúrxico), ben sexa para facer un novo burato ou cambiar o sitio doutro mal feito.

XOSÉ IGREXAS, CANDIDATO DO BNG Á ALCALDÍA DE MELIDE

Logo de catro anos dunha política municipal errática marcada pola privatización de servizos e a falta de iniciativa, o BNG de Melide considera que chegou o momento de darlle ao concello o cambio que tanto necesita. Para iso concorre ás eleccións municipais do vindeiro 24 de maio cun equipo completamente renovado, con proxectos baixo o brazo e disposto a traballar en beneficio de todos e todas dende a transparencia a honestidade e a participación.



"Queremos facer un concello para todos, non para os amigos, como sucede agora"

- De cara a estes comicios o Bloque puxo en marcha un proceso de diálogo coa sociedade. De feito preséntase como BNG-Asembleas Abertas. Como foi este proceso en Melide?

-Xosé Igrexas (X.I.): Iniciámosto en novembro de 2014 co obxectivo de coñecer a fondo os problemas da veciñanza e de recoller as súas propostas. Foi un proceso interesante, con debates moi produtivos, e que nos serviu para concretar as liñas mestras do noso programa de goberno. A través do diálogo tamén traballamos na elaboración dunha candidatura que foi aprobada por unanimidade e que incorpora moitas caras novas. Conseguimos conformar un equipo totalmente renovado, con persoas que cren no proxecto do BNG e ás

cales lles agradecemos o seu compromiso co partido e con Melide.

- Que é o que máis destaca da lista electoral que encabeza?

-X.I.: Fundamentalmente que está integrada por persoas preparadas para gobernar e comprometidas cos problemas reais da xente, homes e mulleres que aportan a partes iguais experiencia e renovación, ideas frescas. Esa é a maneira de construír unha alternativa de goberno solvente, que é o que máis precisa Melide nestes momentos.

- Que ofrece a candidatura do BNG que non ofrezan o resto de candidatos?

-X.I.: Nada se sabe aínda dos programas dos outros partidos. Nós temos o noso

proxecto moi claro: queremos traballar dende a transparencia, fomentando a participación da veciñanza nos asuntos que lle afectan. Esa é a única maneira de facer un Concello para todos e todas, e non para uns poucos, para os amigos, como acontece agora. Escoitaremos á mocidade, que ten moitas cousas que dicir, e traballaremos por estender e ampliar os servizos públicos básicos, que son unha prioridade para nós.

- Que tres medidas destacaría no seu programa electoral?

-X.I.: En primeiro lugar a aposta pola creación de emprego botando man dos recursos que existen no Concello, que son moitos. En segundo lugar a aposta pola atención ás persoas maiores e a mellora no ser-

vizo de axuda no fogar. Por último, a mellora do transporte entre as parroquias e a vila, poñendo en marcha un servizo municipal de transporte público.

- Cal é a postura do BNG ao respecto da municipalización de servizos?

-X.I.: Para o BNG non hai dilema posíbel, apoiamos sen paliativos a xestión directa dos servizos públicos, e máis aínda cando nos atopamos nun caso como o de Melide no que nestes anos se privatizaron varios servizos, co conseguinte incremento de gastos para as arcas municipais. O BNG pediu unha e outra vez a que a xestión dos servizos fose pública pero o PP non quixo, quizais porque de paso que privatiza tamén aproveita para enchufar a amigos e familiares. E o que non privati-

zan, xestiónano de forma desastrosa: non hai máis que ver o que din os informes de intervención sobre o Conservatorio Municipal, onde se gastan máis de 250.000 euros cada ano.

- Cales son as propostas do BNG en temas como o turismo?

-X.I.: Creemos que o Casco Histórico e as aldeas de Furelos e do Meire son o grande atractivo que ten Melide. Hai que investir nelles pero con cabeza e de forma planificada, non tirando os cartos. Hai que ir restaurando esas zonas, darlles vida e poñer en valor o patrimonio artístico e cultural que teñen. Nós apostamos por enfocar Melide cara ó turismo cultural.

- Cal é o modelo que defende o BNG para o casco antigo?

-X.I.: O Casco Histórico é a locomotora que ten que tirar do progreso de Melide, por iso hai que implicarse a fondo nel. É necesaria unha política decidida para restaurar vivendas e evitar que a xente deixe de vivir alí. Nós apostamos pola rehabilitación pública para alugar a prezo reducido para a mocidade, familias monoparentais... Tamén é importante que haxa negocios, por iso entendemos necesaria unha liña de axudas destinada especificamente aos baixos comerciais e medidas de dinamización. Neste sentido, o goberno do BNG converterá a casa da Praza das Coles nun centro sociocultural.

- Que lle diría ós seus posibles votantes?

-X.I.: A min gústame escoitar a todos os veciños e veciñas. Teño falado recentemente con votantes do PP e recoñecen que Melide está estancado, que algo se está facendo mal. Eu aproveito para dicirlles que hai unha alternativa que se chama BNG. Queremos transformar Melide nun concello moderno, que teña os mesmos servizos ca outros concellos, que poña en valor a súa riqueza natural e histórica. Temos as ideas claras, moita ilusión e ganas de traballar para beneficio de todos por igual.

Rematan os obradoiros de emprego cunha expectativa de inserción do 55%



Alumnado dos obradoiros de atención sociosanitaria e xardinería con responsables de Xunta e Concello

A metade do alumnado que participou nos obradoiros de emprego de Melide atopará un traballo estable. Esas son as previsións que manexa a Xunta de Galicia en base a experiencias de formación anteriores nas que se empregou esta fórmula.

A media de inserción laboral dos obradoiros de emprego é do 40% pero no caso da atención sociosanitaria a persoas dependentes, unha das dúas especialidades que se impartiu no de Melide,

acada o 70%. A outra rama de formación centrouse na instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes. En total foron 19 as persoas que se formaron a través deste obradoiro de emprego, cun investimento de 170.000 euros e seis meses de duración.

Para clausuralo desprazouse ata Melide a titular da Consellería de Traballo, Beatriz Mato, quen insistiu na fe que ten a Xunta nos obradoiros de emprego como fórmula para reducir as cifras de paro:

“a razón máis importante é que se trata dunha formación acreditada e certificada que vos abrirá as portas do mercado con máis facilidade”.

No propio acto de clausura Mato anunciou que o seu departamento investirá 40.000 euros para que o Concello de Melide poida contratar a cinco perceptores da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA). Asegurou ademais que ao longo de 2015 se poñerán en marcha “máis de 70 obradoiros”.

AVAL XÓVENES, UN APOIO AO EMPRENDEMENTO



Noutra xornada de clausura co emprego como eixo temático púxose punto e final ao programa *Aval Xóvenes*, unha iniciativa da Dirección Xeral de Xuventude que se desenvolveu durante o último ano entre Melide e Coristanco co obxectivo de axudar á mocidade a labrar o seu futuro laboral sen despegarse do territorio e

aproveitando as oportunidades que ofrece o rural.

Participaron en total 50 mozos e mozas de diferentes puntos de Galicia coas súas respectivas iniciativas. Deza-oito proxectos están xa en marcha e outros aínda en fase de maduración. Entre os que axiña se converterán nunha realidade están os dalgúns

emprendedores da comarca como Adrián Taboada, de Santiso, que quere instalar unha nave en Serantes para a produción de ovos campeiros. Outras iniciativas céntranse nos cultivos agrícolas, na mellora de explotacións gandeiras familiares, a fabricación de iogures, a fotografía ou a repostería artesanal.

Piden explicacións sobre o servizo de limpeza

O BNG de Melide quere saber o motivo polo que a empresa adxudicataria da limpeza do Concello deixou o servizo tan só oito meses despois da súa adxudicación.

Os nacionalistas denuncian que o equipo de goberno se nega a aclarar as causas do abandono de Eulen e esixen explicacións públicas: “o realmente grave é que a alcaldesa lle oculte esta información á corporación municipal e non dea explicacións dos motivos polos que a empresa deixa de realizar a limpeza, despois de contratar irregularmente outra empresa na nova escola infantil”, denuncia o voceiro do BNG, Xosé Igrexas. “O PP non pode xestionar desta maneira os cartos dos e das melidenses”, sentencia.

A xuízo dos nacionalistas este episodio ten a súa orixe na privatización dos servizos municipais que, aseguran, o PP utiliza “para facer caciquismo a un par de meses das eleccións”. Para Xosé Igrexas “a alcaldesa oculta irregularidades e os enchufismos que está facendo no servizo de limpeza, na nova escola infantil e no servizo de comedor por motivos electoralistas”.



FOTO-DENUNCIA

Completando o moble bar



Para mostra un botón. Ou mellor dito, seis latas de cervexa: tres no chan e tres na repisa, ese elemento arquitectónico con imán para os recipientes de alcohol nas noites de sábado. Cando non son latas, son botellas, son vasos de tubo ou son copas... pero o certo é que nos fogares melidenses xa non hai máis sitio no moble bar para tanta cristalería que aparece maxicamente os domingos pola mañá en portas e ventás. Aínda bo é que non hai mal que por ben non veña.

Caamaño: “unha sociedade que non reconece a diferenza non é decente”

O ex-ministro de Xustiza defende en Melide a idea dunha España federal

O que fora ministro de Xustiza co goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero, Francisco Caamaño, defendeu en Melide o federalismo como solución ao problema estrutural que arrastra España “dende a Constitución de Cádiz”.

Caamaño, na actualidade deputado no parlamento galego, considera que o país está “cautivo dos nacionalismos maioritarios e minoritarios, que son excluíntes” e cre que o federalismo é a fórmula axeitada para conxugar a unidade de España co recoñecemento das diferentes identidades que hai nela : “non existe democracia sen respecto á diferenza”, dixo, “un estado decente ten que respectar as



José Antonio Prado, Mª Jesús Iglesias e Francisco Caamaño

minorías que hai no seu interior”. A isto engadiu que “o federalismo é sinónimo de unir, pero unha España unida non é unha España centralizada”.

Caamaño realizou estas declaracións durante a presentación en Melide do seu último libro, *Democracia Federal. Apuntes sobre España*. Ao

acto, organizado pola agrupación municipal do PSOE, seguiu unha charla-coloquio moderada polo candidato socialista á alcaldía de Melide, José A. Prado. Baixo o título *Situación das administracións públicas*. Do Estado ós concellos, os asistentes puideron intercambiar reflexións.

Trinta veciños participan no programa de compostaxe doméstica do Concello

Xa están mans á obras: dende finais do mes de marzo 30 veciños e veciñas de Melide fabrican abono ecolóxico empregando para iso os restos orgánicos xerados nas súas propias casas. Fano coa axuda doutros tantos compostadores que repartiu o Concello de Melide a través do programa de compostaxe doméstica posto en marcha polo departamento de Medio Ambiente.

“A campaña foi un éxito e iso é mostra de que cada día estamos un pouco máis concienciados sobre a necesidade de reciclar”, asegurou a concelleira Rosa Cabado ao tempo que explicou que 8 persoas tiveron que quedar en lista de espera ante a alta demanda que xerou a iniciativa.

O programa comezou cunha charla teórico-práctica na que unha técnica da empresa Recicla2 explicou o proceso de fabricación de compost caseiro. Será esa mesma em-



A técnica e a concelleira de medio ambiente montan un compostador

presa a encargada de facer un seguimento dos participantes durante un ano, con revisións periódicas tanto para comprobar a calidade do compost como para asegurarse de que se está realizando o proceso correctamente. O Concello formou ademais a un mestre compostador que estará ao servizo

dos participantes no programa para resolver as dúbidas ou problemas que poidan xurdir.

A edil de Medio Ambiente destacou “o esforzo” feito no eido da xestión de residuos coa instalación, por exemplo, de mini puntos limpos e colectores para a recollida de roupa ou residuos de animais.

Nin unha gota, máis de 100 razóns para que os menores non consuman alcohol



Ánxeles Vázquez e o director de FEBE, Bosco Torremocha

O Concello de Melide adheriuse recentemente ao Proyecto Ciudades en Red para la Prevención del Consumo de Alcohol en Menores de Edad, unha iniciativa promovida pola Federación Española de Bebidas Espirituosas (FEBE) dentro da campaña *Menores ni una gota. Más de 100 razones para que un menor no beba alcohol*. O municipio melidense súmase así aos máis de 40 concellos e gobernos rexionais de toda España que xa forman parte desta rede.

Con este proxecto, segundo explicou durante a firma da acta de adhesión o presidente de FEBE, Bosco Torremocha, o que se intenta é “adelantarse al consumo experimental, que podría derivar en un consumo impulsivo de alcohol por parte los más jóvenes”. Pola súa banda a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, ratificou o compromiso do goberno local

e incidiu na idea de que non é preciso beber para gozar da movida: “consumir alcohol non te fai maduro nin é un medio de diversión”, escribiu a rexedora no libro de *Menores ni una gota*.

Cando beber é saudable

No seu traballo para concienciar sobre os efectos nocivos do consumo de alcohol, o Concello tamén colaborou recentemente co IES de Melide nun programa de elaboración de bebidas saudables. Baixo o título *“Fai a túa vida máis saudable”*, alumnado de 3º e 4º da ESO participou nun obradoiro para aprender a facer cócteles sen alcohol e con ingredientes sans e nutritivos.

Á par, a dirección do IES organizou un coloquio dirixido aos estudantes de 14 e 15 anos para informalos sobre os efectos negativos do consumo de alcohol a idades temperás.



Xornada sobre elaboración de bebidas saudables no IES de Melide

Melide continúa á cabeza de Galicia en doazóns de sangue por habitante

Melide segue a situarse entre os concellos máis solidarios. Cando menos no que a doazón de sangue se refire. Segundo os datos que recolle o balance de 2014 publicado polo Centro de Transfusións de Galicia (CTG), o municipio melidense ocupa o cuarto posto no ranking de concellos galegos con mellores taxas de doazón.

Cun índice de 86 doazóns por cada 1.000 habitantes, tan só é superado por Padrón (102), Santiago (98) e A Guarda (87). O bo dato prodúcese a pesar do descenso interanual do 5% no número de doantes. Se en 2013 foron 686 as persoas que se achegaron ao autobús do CTG desprazado ata o Cantón de San Roque, o ano pasado foron 650. Con todo, Melide supera amplamente o índice recomendado pola Organización Mundial da Saúde (OMS), 40-60 doazóns por cada 1.000 habitantes, e sitúase moi por enriba da media galega (41/1000) e da española

(36/1000). No extremo oposto atópanse os outros tres concellos da comarca: Toques, Sobrado e Santiso que, con taxas de 14, 13 e 10 doazóns por cada mil habitantes respectivamente, están entre os concellos menos doadores de Galicia. Na contorna tan só Arzúa (62/1000) e Boimorto (41/1000) superaron en 2014 os índices recomendados pola OMS.

O pasado ano realizáronse no conxunto de Galicia un total de 111.255 doazóns de sangue, o que supón un 2,52% menos ca en 2013. A Coruña é a provincia con maior número de doazóns (50.505) e con mellor taxa (46/1000). Séguelle Pontevedra con 40.787 e unha taxa de 43/1000. A moita distancia están Lugo e Ourense con taxas de doazón de 26/1000 e 34/1000.

O PERFIL DO DOADOR

En 2014 participaron nas campañas de doazón de sangue 78.422 persoas, das cales o 56,5% foron homes e o 43,5% mulleres. A base máis sólida de doadores atópase nas franxas de maior idade; de feito, o 43% das persoas que doaron sangue o ano pasado en Galicia tiñan entre 43 e 65 anos. Na franxa de idade comprendida entre os 33 e os 42 anos está o 28% dos doadores. O 29% teñen menos de 33 anos.

No que respecta ao lugar de doazón, os cidadáns decántanse por acudir maioritariamente ás unidades móbiles que se desprazan ata as vilas, que recollen o 84% das doazóns, fronte ao 16% dos hospitais. Dende que en 1992 comezou a funcionar o Centro de Transfusións de Galicia, o número de doazóns aumentou un 61%. Hai 22 anos realizáronse 69.100 doazóns, fronte ás 111.255 do ano pasado.

A DOAZÓN DE SANGUE NOS CONCELLOS DA COMARCA					
Concello	Habitantes	Doazóns 2013	Doazóns 2014	Taxa doazón	Variac. anual
Melide	7.578	686	650	86/1000	- 5 %
Arzúa	6.261	381	389	62/1000	2 %
Boimorto	2.155	99	86	41/1000	- 13 %
Toques	1.248	18	18	14/1000	0 %
Sobrado	1.965	35	25	13/1000	- 29 %
Palas de Rei	3.601	49	45	12/1000	- 8 %
Santiso	1.742	6	17	10/1000	183 %

Santiso cambiará as cubertas dos pavillóns de Visantoña e Agro do Chao

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado 3 de abril un convenio de colaboración co Concello de Santiso polo cal o goberno local recibirá 165.206 euros para renovar as cubertas dos seus polideportivos municipais, tanto o de Visantoña como o de Agro do Chao.

En concreto, os pavillóns pasarán a ter un tellado de chapa de aceiro prelacada de cara ao exterior e galvanizada no interior. Tamén se procederá á colocación de placas de poliéster reforzado e translúcido co obxecto de que proporcionen luz natural durante as horas do día.

A obra completárase coa reposición dos baixantes e caleiros de PVC. O custe total do proxecto ascende a 171.205 euros, dos que a Deputación financiará o 80%, achegando o Concello o 20% restante.



Vista do pavillón polideportivo de Visantoña

Renovación de cubertas Por outra banda, e xa no que ao ámbito privado se refire, o Concello de Santiso lembra que continúa aberto ata o 13 de abril o prazo para solicitar axudas da Xunta para renovar os tellados das vivendas parti-

culares. Os gastos subvencionables cobren os materiais (lousa e tella cerámica), a montaxe e desmontaxe das cubertas, o proxecto e as licenzas. Hai tamén outra liña de axudas para rehabilitar fachadas empregando granito.

“Río Furelos” participa nun estudo da USC sobre troitas

A Asociación de Troiteiros Río Furelos vai participar nun estudo da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para analizar a situación na que se atopa a poboación de troitas nos ríos galegos que, “como o resto da fauna está sometida a todo tipo de agresións derivadas da actividade humana”, sinala o presidente do colectivo de pescadores, Xavier Pazo Blanco.

En concreto foi o departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía da USC o que solicitou a participación da asociación melidense neste estudo que dirixirá o profesor Fernando Cobo Gradín. Como parte da súa colaboración, os troiteiros terán que recoller mostras ao longo da tempada nos ríos Furelos,

Pambre, Catasol e Iso “procurando ser moi escrupulosos coa recollida e tratamento das mostras, seguindo as pautas que nos deron”.

O presidente de Río Furelos explica que “sempre foi do noso interese todo aquilo que poida servir para ter un coñecemento da situación real dos ríos a fin de poder acometer aquelas medidas que contribúan á súa mellora”. Nese sentido, asegura que para os membros da asociación é “unha honra poder colaborar cunha entidade tan prestixiosa”. Ao mesmo tempo, amósase convencido de que o traballo que se realice “redundará nun coñecemento máis cumprido” da situación na que se atopa a poboación de troitas.

ADOPCIÓN DE CANS ABANDONADOS

**Axúdalles a atopar
o fogar que merecen**



CACHORROS

Dúas femias e un macho. Un mes e medio de idade. Tamaño grande.



DUQUE

Macho de 1 ano e 15 kg. Activo, dócil e cariñoso con outros cans e coa xente.



KOVA

Cadela de 1 ano e 35 kg. Bo carácter, moi dinámica e xoguetona.

Tlf. de contacto: **639 97 10 05**

Visita a páxina de Facebook
“CANS PERDIDOS EN MELIDE”
para obter máis información

**SE PERDES O TEU CAN
OU ATOPAS UN CAN PERDIDO,**
contacta con nós. Axudarémosche!

AUSINA E BLANCO IMPÓÑENSE NO PRIMEIRO CAMPIONATO DE DOBRES FEMININO

A parella formada por Andrea Ausina e M^a José Blanco proclamouse vencedora do torneo de tenis en categoría dobres feminino que se celebrou en Toques o pasado 21 de marzo. No campionato, disputado baixo o réxime de eliminatoria por equipos, impuxéronse na final a Viky Moscoso e Marina Mato cun resultado de 3-0. Era a primeira vez que se disputaba na comarca un torneo destas características. O servizo de deportes do Concello de Toques confirma que lle dará continuidade nos próximos anos “tendo en conta o grao de satisfacción acadado”.

Na Semana Santa o tenis tamén foi protagonista en Toques, que acolleu a celebración dun torneo infantil no que participaron 14 deportistas menores de 16 anos. Continúa por outra banda a fase regular da liga de tenis masculina, na que xogan 17 tenistas afeccionados da comarca e que rematará na segunda quincena de maio.



Moscoso e Mato, a concelleira Mónica Penas, Ausina e Blanco



Rapaces participantes no torneo amistoso infantil

O troiteiro de Oroso “Chacho” gana o campionato de pesca con 10 capturas



Troiteiros premiados no X Campionato de Pesca. No centro, Luis Frade “Chacho”, o gañador

Luis Frade, troiteiro de Oroso coñecido como “Chacho”, proclamouse vencedor do X Campionato de Pesca da Terra de Melide tras lograr meter no cesto 10 troitas durante as cinco horas que durou a proba, celebrada en augas do río Furelos o pasado 11 de abril.





En segundo lugar quedou Jesús Rouco, de Toques, con 7 capturas. O terceiro posto foi

para Manuel Sánchez, de Melide, que tamén pescou 7 troitas. O premio para a mellor captura recaeu en Jesús Lamas, de Friol, que presentou un peixe de 29,5 cm. En total pescáronse nesta edición do concurso 71 troitas da medida e inscribíronse 120 pescadores, dos que só puideron participar 15, elixidos por sorteo.

Rematado o campionato,

a Asociación Río Furelos está a traballar xa na súa próxima actividade, o **Master de Pesca á Mosca** que se celebrará o vindeiro 2 de maio. As prazas son limitadas e os interesados en participar terán de prazo para inscribirse ata o 30 de abril. Poderán facelo a través do teléfono 696 607 348 ou do correo electrónico asociaciontroiteiros@gmail.com.

Vive as noites de Melide



A mellor movida de Galicia

A XI Foliada abre “novos espazos” e consolida os venres con música local



Sacha na Horta, grupo creado en 2007, traerá o seu agro-punkchanga á Praza das Coles o sábado 25

Tromentelos e Melidaos abrirán a programación o día 24 Os Diplomáticos de Montealto poñerán o broche de ouro

Consolidada pero non esgotada. Nin moito menos. A Foliada de Melide chega á súa 11ª edición cunha das programacións máis potentes dos últimos anos e o obxectivo de “seguir abrindo novos espazos para darlle a oportunidade aos grupos e á xente de participar”, explican dende a Asociación Cultural O Castelo, entidade organizadora dun evento que xa é referente no panorama da música tradicional galega.

Entre eses novos espazos están os venres da Foliada, que “chegaron para quedarse” o ano pasado con motivo do décimo aniversario e agora se converten no día dedicado “á música feita na comarca”. Nesa liña, os responsables de inaugurar a festa serán dous grupos con DNI melidense: *Tromentelos* e *Os Melidaos*, que actuarán o día 24 a partir das 22:00

horas na Casa da Cultura.

Será tan só unha pequena parte da intensa programación deseñada “para disfrute da xente, de cativos e maiores, dos veciños de Melide e dos que chegan de fóra”. Parte importante da oferta lúdica serán os concertos do sábado e do domingo (25 e 26 de abril), que conforman a xuízo dos organizadores “un dos mellores carteis dos 11 anos que levamos de Foliada”. Nel aparecen nomes emblemáticos como Os Diplomáticos de Montealto, que serán os encargados de pechar a programación.

Antes estará sobre o escenario a cantora e compositora galego-palestina *Najla Shami* e o sábado, con propostas en consonancia co carácter máis festeiro deste día, actuarán *Habelas Hainas* e *Sacha na Horta* co seu estilo propio, o

agro-punkchanga, no que as voces das mulleres expresan con forza o mundo que elas ven e desexan.

Baixando do escenario, sobre a pedra das rúas da vila non han faltar tampouco as sinais de identidade da Foliada: o concurso de cantos de taberna, con número récord de grupos participantes (18), e o serán, “que foi o xermolo desta aventura”, encherán de música popular a mañá e a tarde da xornada do sábado.

Como novidade, incorpórase este ano un concurso fotográfico en colaboración coa asociación Enfócame. As instantáneas deberán realizarse nos días da Foliada e estar relacionadas coa actividade que nela se desenvolva. Moito que facer, que cantar e que bailar! Para quen non queira perder o paso: www.foliadamelide.com

Melide acollerá en maio a I Feira de cans de caza cun formato único en España

Os amantes da caza teñen unha cita obrigada en Melide os días 2 e 3 de maio. A vila acollerá esa fin de semana a primeira edición da Feira de Cans de Caza xunto con tres probas de traballo en diferentes campos, configurando así un evento de características únicas en España. Tan só en Valencia se organiza algo semellante: “este tipo de iniciativas conxuntas que combinan probas e unha feira non se ven en case ningún lugar”, apuntan dende a organización, que tampouco escatimou en premios.

Repartiranse en total 5.000 euros entre os tres primeiros clasificados de cada proba, agrupadas baixo o nome de Copa Galicia. Malia tratarse dun trofeo a nivel autonómico, traerá a Melide “aos mellores cans de toda España”: Segovia, Madrid, Asturias, Cantabria ou Euskadi son algúns dos lugares de procedencia de

cans cuxa participación xa está confirmada.

As probas darán comezo o sábado 2 e disputaranse en territorio de Melide e do Tecor Societario Rebellón, en Boimorto. Unha delas será a proba do Campionato San Huberto, outra a proba de rastro de xabarín e a terceira a de rastro de coello. Os cinco primeiros cans de cada campo pasarán para as finais, que se disputarán o domingo 3.

Ese será o día en que tamén se celebre a feira de cans, que terá por epicentro o Pazo de Exposicións e Congresos. Haberá entrega de trofeos para o mellor can, a mellor xaula, a mellor reala, a mellor camada, o mellor can local, a mellor xaula local e a mellor reala local. As persoas interesadas en inscribir os seus cans na feira ou participar nas probas aínda están a tempo de facelo chamando ao 615 986 688.



Cazador co seu can nunha proba do campionato de San Huberto

RE-DE-R

Electricidad, Electrónica, Informática, Telecomunicaciones

1 ELECTRICIDAD:
Instalaciones eléctricas, energía solar, reparaciones de averías, etc.

2 INFORMÁTICA:
Reparación y montaje a medida de ordenadores de sobremesa, reparación y venta de portátiles.

3 ELECTRÓNICA:
Reparación de móviles, tablets, cambios de pantalla, consolas, televisiones...

4 TELECOMUNICACIONES:
Cableado de Red Ethernet, Fibra Óptica, Radioenlaces Wimax y WiFi. Antenas TDT, Satélite, etc.

Teléfonos
668864602
info@elcomredor.com
www.elcomredor.com

MELIDE MUSEO-BAR

SAPO

OPUS TAPERIA CERVEXERIA

Taboada Roca, 3 - MELIDE

Horario excepto luns: de 17:30 a peche



**FOLIADA
MELIDE**
11 edición
24/25/26
ABRIL
2015

VENRES 24
OS MELIDAOS
TROMENTELOS

SÁBADO 25
HABELAS HAINAS
SACHA NA HORTA

DOMINGO 26
NAJLA SHAMI
OS DIPLOMÁTICOS
DE MONTEALTO

serán
artesanía
animación de rúa
obradoiros

**cantos de
taberna
melide**

©creation animal

ORGANIZA
www.foliadamelide.com
foliadamelide@gmail.com

COLABORA
enofoca
ACXPT

PATROCINA
CONCELLO DE MELIDE
DEPUTACIÓN DE Ourense

Unha ruta teatral converte Furelos nun grande escenario ao aire libre

Os veciños da aldea foron protagonistas das representacións

O teatro ten moito de flexible e por iso acontece ás veces que abandona as táboas do escenario para reconciliarse coas fontes das que bebe: o día a día, o pasado, as experiencias persoais, a improvisación...

Así foi como o I Festival de Teatro Escolar organizado polo IES de Melide levou a interpretación a Furelos en forma dunha ruta pola aldea que supuxo tamén unha inmersión na antropoloxía e na historia viva da comarca; unha iniciativa inusitada na que os veciños foron protagonistas de varias escenas e de cuxas experiencias sacaron aprendizaxes as ducias de persoas que participaron no percorrido.

Escena 1. O tallista

A viaxe comezou aos pés do

camposanto e axiña fixo parada na casa dun virtuoso da imaxinería; Edelmiro, un tallista dos de sempre que se formou preto de Conxo e de cuxas mans saíu o San Caralampio, os bois da Virxe da Cabeza ou o San Isidro de Boimorto.

Escena 2. Enfornar

Na Casa de Agosto xa non se coce: “agora son eu sola e para o que como...”, lamenta a dona da vivenda, que pode perder a práctica pero non os segredos para cocer unha boa fornada de pan: a leña de toxo, o trigo da casa, o varredoiro de verzas e no forno a temperatura das pedras.

Escena 3. Fábrica do callo

Vai avanzando a obra pola aldea ao son da música de Herba Grileira e sae a escena Concha,

que aos seus 79 anos aínda esperta “á mesma hora que ía para a fábrica”. Para a fábrica do callo dos queixos, na actualidade feita ruínas e na que traballou 40 anos: “agora non sei de que o fan pero daquela non había outro mellor”.

Escena 4. A horta e o río

María plantou os allos en decembro e xa están nados. A horta á beira do río dáse ben, pero non hai quen lle quite o medo de que en calquera momento veña unha enchente e lle leve todo.

Pequenos anacos de vida e historia feitos teatro completáronse cun recital de poesía nas escaleiras da igrexa, unha lección sobre xogos tradicionais e o frío dunha tarde de primavera.



Ás veces as enchentes do Furelos arrasan a horta de María



Manolo explica que o sabor das troitas depende de cada río

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móbil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
Vía Galileo, 9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
Prado Rey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

**Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)**

A Festa do Melindre refórzase con novo logo e máis música tradicional

Actuarán Leirabuxo, Tanto Nos Ten, Malvela e Uxía

Logo de 23 anos e cando parecía que xa tocara teito coa declaración en 2013 de festa de interese turístico galego, a onomástica do melindre e da repostería tradicional melidense segue medrando. Faino cunha programación musical reforzada e da man dunha nova imaxe corporativa ideada pola deseñadora melidense Caridad Rodríguez Pazo.

O novo logotipo da XIV edición da festa, que se celebrará o vindeiro domingo 10 de maio, representa “a dozura feita forma”, segundo explica a deseñadora, que introduciu o melindre na filigrana da letra “L” e elixiu para a imaxe a cor da xema “do ovo da casa”. In-

corpora tamén un paporrubio, paxaro primaveral “co peito de cor melindre” que é o anunciador do cartel musical da festa.

Nese cartel, no que hai unha clara aposta polo folclore tradicional, estarán o grupo de Melide Leirabuxo, Tanto nos


ñeiros e presentadores do programa Larpeiros da TVG, se suban ao escenario da Praza do Convento. Eles serán este ano os encargados de pronunciar o pregón da XIV Festa do melindre, que se presentará oficialmente o 29 de abril na cidade de Pontevedra.

Previamente, o día 24, estará na Casa da Cultura o debutante de banda dese-

ñada Luis Davila, que asinará libros de O Bichero e realizará en directo unha ilustración coa temática da Festa do Melindre. Ademais, como parte da promoción, as unidades de transfusión de sangue repartirán o 30 de abril unha bolsa con melindres aos doadores de Santiago, Lugo Ourense e Melide.

Ten e as cantareiras de Malvela acompañadas por Uxía. As actuacións darán comezo ás 18:00 horas na Praza das Coles, pero xa pola mañá Os Melidaos e Froito Novo amenizarán as rúas da vila coa súa música.

Iso será antes de que Benigno Campos e Loliña, coci-



Cartel oficial da XXIV edición da Festa do Melindre

Melide vibrará co “pop ochentero” de mans da concentración moteira

Pasaron os anos pero na memoria de varias xeracións seguen sonando temas como *Sabor de amor*, *Hijo de la luna* ou *La chica de ayer...* Corría daquela a década dos 80, á que regresará Melide por un día da man de La Edad de Oro del Pop Español, un proxecto musical que reúne a coñecidos cantantes daquela momento e que recalará na vila o 4 de xullo.

Farao no marco da III Concentración Moteira organizada polos Millí Riders, que reforza a súa programación cun concerto gratuito de tres horas de duración no que sonarán en directo as voces de Alberto Comesaña, vocalista de Amistades Peligrosas; Joaquín Padilla, de Iguana Tango e Pablo Perea, de La Trampa. Acompañaríalos no escenario Chuz Herranz, curtidada en numerosos musicais, e unha banda instrumental de catro músicos.

La Edad de Oro del Pop Español deu o ano pasado 40



concertos en toda a xeografía española e ten xa pechadas para 2015 preto de 70 actuacións, que en Galicia serán só catro, incluída a de Melide. Falta por confirmar tanto o lugar exacto como a hora de comezo do concerto.

Á marxe da aposta pola programación musical, a concentración moteira, que abarcará toda a primeira fin de semana de xullo, seguirá incluíndo como en edicións anteriores shows acrobáticos e rutas pola comarca.

PROMOCIONANDO A REPOSTERÍA LOCAL



Os melindreiros no Forum Gastronómico da Coruña



Espazo de Melide no Salón do Turismo de Galicia

Acusan ao PP de utilizar a xuntanza dos maiores con fins electoralistas

A proximidade das eleccións municipais tinguiu este ano de polémica a xuntanza da terceira idade de Melide, que se celebrará o día 31 de maio, xusto unha semana despois dos comicios.

A carta enviada pola concelleira de Benestar aos 2.300 socios do Centro Social melidense, na que recoñecía como “unha das principais satisfaccións” do seu traballo “a recuperación dunha xuntanza esquecida durante os catro anos de goberno bipartito” non sentou nada ben nas filas do PSOE de Melide, que acusan ao PP de utilizar aos maiores con fins electoralistas.

Para os socialistas melidenses o proceder dos populares supón “outro desprezo” que se suma “ao reparto de medias e calcetíns nun envoltorio cos distintivos do PP feita polo equipo de goberno o pasado Nadal”. Para José Antonio Prado, candidato do PSOE

á alcaldía, “o PP de Melide amosa unha vez máis o nivel de manipulación ao que está disposto a chegar con tal de

“O BNG e o PSOE condenaron á 3ª idade a unha reclusión forzada”, replican dende o Partido Popular

manter o seu posto, sen comprender que os dereitos dos veciños deben ser a prioridade dos xestores eficaces”.

Díxolle a tixola ao pote Malia que as críticas saíron das filas do PSOE, o PP botou man das redes sociais para cargar as tintas contra o BNG (partido do que os socialistas foron socios de goberno). Acú-

sanos de criticar agora o que eles mesmos fixeron noutrora e recordan por exemplo o macro xantar organizado en Furelos pola Xunta do bipartito estando a alcaldía de Melide en mans dos nacionalistas. Acudiron a aquela cita de 2009 unhas 6.000 persoas e gastáronse 50.000 euros a través do programa *Lecer para os nosos maiores*.

Tamén destacan que o BNG de Santiso celebrará unha comida para os maiores dese municipio xusto antes das eleccións e despois de adiantar a cita un par de semanas con respecto á data do ano anterior, cando a xuntanza se celebrou no mes de xuño. Segundo expresou o PP a través do seu perfil de Facebook, durante o tempo de goberno do BNG e PSOE en Melide a terceira idade foi condenada a unha “reclusión forzada” onde a tónica habitual era facer “cero actividades” para os maiores.

A Deputación anota o último tanto no campo municipal



O presidente de Deputación atende ás explicacións do arquitecto

A Deputación da Coruña respondeu unha vez máis á chamada do goberno melidense para poñer a punto as infraestruturas municipais. Se as achegas económicas do organismo provincial resultaron fundamentais para poñer en marcha a piscina climatizada e abrir a casa da cultura, entre outras actuacións, agora tamén o foron para atender xusto no final da lexislatura a unha longa demanda dos clubs de fútbol melidenses: uns vestiarios novos para o campo municipal. Xa gozan deles xogadores locais e visitantes despois dun investimento de preto de 90.000 euros dos que o departamento que preside Diego Calvo puxo o 80%. “Sen a Diputación pouco poderíamos ter feito”, dixo a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, durante unha visita aos vestiarios na que Calvo destacou que “con poucos cartos pódense facer grandes cousas”.

Melide abre as portas do seu rueiro a coñecidos escritores e xornalistas



O libro editado pola Deputación sobre xornalistas nos rueiros

Sabemos quen son, estudamos a súa obra e admiramos os seus logros, pero non sempre recoñecemos o moito e bo traballo que deixan feito. Sucede con frecuencia mais non en Melide, que pode presumir de ter un bo número de rúas dedicadas a xornalistas e escritores. Son, en concreto, quince, unha cifra considerable se temos en conta que unha cidade como A Coruña non chega ás 70.

A diferenza é máis notable se o comparamos con localidades do seu igual como Arzúa, Touro, Ames ou Teo (con 5 rúas dedicadas a xornalistas), Negreira (con 3) ou A Baña (con 2). Son estes os concellos incluídos no libro *Periodistas en los callejeros de las comarcas de A Barcala, Arzúa, Santiago y Terra de Melide*, un traballo editado pola Asociación de Prensa de

A Coruña en colaboración coa Deputación.

A obra, presentada en Melide a finais de marzo, busca poñer en valor a figura de 25 persoeiros do mundo do xornalismo. Para iso bota man doutros tantos periodistas actuais, profesores e académicos que fan unha semblanza de cada un deles e “enriquecen” un libro “para leer y guardar como recuerdo de personas que abrieron camino”, apuntou a vicepresidenta da Deputación, Mariel Padín.

Os quince xornalistas e escritores presentes nas rúas de Melide son: Concepción Arenal, Alexandre Bóveda, Clara Campoamor, Cotarelo Valledor, Curros Enríquez, Filomena Dato, Rosalía de Castro, Wenceslao Fernández Flórez, Castela, Antón Fraguas, Francisca Herrera, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Emilia Pardo Bazán e Luis Seoane.

II OPEN DE PÁDEL NO CAMIÑO, AS MELLORES PALAS



César e Pepe, campións na categoría sénior masculina



Ana e Marta, campioas do cadro feminino

O DEBUT DOS LOITADORES DE AYUDE E A CONSOLIDACIÓN DAS TIRADORAS

Varios pupilos da Escola Ayude de Melide participaron por primeira vez o pasado mes de marzo nun campionato de España. Foi en concreto no de loitas olímpicas en categoría escolar e júnior, que se celebrou no pavillón madrileño de San Blas e no que interviñeron con notable éxito para tratarse dun debut Sabela Cabado (5ª), Miguel Villamor (6º) e Carla Rivadulla (6º). En categoría júnior Bruno Agra, o competidor con máis opcións de medalla, cumpriu e volveu para a casa cun bronce.

Quen xa é toda unha experta sobre a pista é Patricia López, que conseguiu recentemente no campionato galego de esgrima un “doblete” de ouro nas categorías M-15 e M-17. Desenvolveron un bo papel clasificándose xa na primeira rolda para a loita polos metais Álex Sueiro, Mabel Rodríguez e Nerea Iglesias, que loitará por estar en xuño nos nacionais.



Equipo participante no campionato nacional de loitas olímpicas



Tiradoras no campionato galego de esgrima

BLOUR
GRUPO, S.L.

Iván Seoane Rodríguez
Dirección comercial

COLABORADOR
gasNatural

618 725 363
ivan@blourgrupo.com

IMPRENTA
eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

CURSO: ALERGIAS E INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS EN HOSTELERÍA



FORMACIÓN
SOBRE
NORMATIVA

AÚN no estás adaptado a la nueva normativa?

➔ A QUÉ ESTÁS ESPERANDO?

NUEVA NORMATIVA

UE/1169/2011, entró en vigor el 13 de Diciembre sobre
“Alérgenos a intolerancias alimentarias en Restauración”

El reglamento UE 1169/2011 obliga a los establecimientos de hostelería a tener información de los platos que contienen alérgenos para que cualquier consumidor sepa lo que puede y no puede comer en igualdad de condiciones que otro, sin tener que identificarse o pedir un trato especial.

¿Cómo afecta al local de hostelería?

- ✓ **Proveedores:** hay que revisar los productos reelaborados de los proveedores tales como salsas, etc. para comprobar que no contienen estos alérgenos o, si los contienen, informar debidamente al cliente.
- ✓ **Empleados:** tenemos que ser capaces de garantizar unas prácticas de manipulación correctas para evitar los cruces y las situaciones de riesgo. Desde este punto de vista es básica la formación del personal, puesto que nos evitará reclamaciones o situaciones de riesgo.
- ✓ **Locales e instalaciones:** deberán contar con las medidas de prevención adecuadas en las cocinas para garantizar la seguridad alimentaria de cara a los clientes más sensibles, como son los alérgicos.
- ✓ **Consumidores:** deben estar debidamente informados para poder comer en los establecimientos de hostelería en unas condiciones óptimas de seguridad alimentaria.

INSCRIPCIONES E INFORMACIÓN:

formacion@plagostel.com | 986 118 714 | www.plagostel.com

¿Qué conseguiremos con esta formación?

El alumno será capaz de conocer las principales alergias e intolerancias alimentarias, interpretar correctamente el etiquetado, además de adquirir los conocimientos sobre los controles y buenas prácticas necesarios en restauración para evitar la contaminación cruzada por alérgenos. También será capaz de buscar alternativas para la preparación de los platos de las personas alérgicas o intolerantes.

Al finalizar este curso se les entregará, junto con el diploma acreditativo, un cartel informativo de cara a sus clientes junto con su carta actualizada identificando claramente los alérgenos.

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPD)
calidad e higiene alimentaria

REFLEXIÓN CON HUMOR

Pepe Núñez



Todos somos aprendices

Xosé Núñez López, escritor

Seamus Heaney, poeta católico irlandés e Premio Nobel de Literatura en 1995, falecido no ano 2013, conta nun dos seus fermosos poemas, titulado "Aprendiz", que cando era neno observaba a seu pai mentres este traballaba arando no campo e pensaba: "desexo ser maior para facer o mesmo ca el". As súas poesías queren ser un canto aos maiores, unha advertencia para unha sociedade que non os coída como debe. Sempre o neno mirando para o traballo do seu pai. Sempre aprendiz. O pai, mirando para o traballo do seu fillo. Toda a vida aprendices.

Todos somos aprendices, ninguén é mestre de nada. Dise que quen se fai chamar mestre desfigura a súa personalidade, sendo máis honesto andar polo camiño chan, por onde van os aprendices... Cóntase que Don Miguel de Unamuno lles respondía aos alumnos que o saudaban pola rúa dicíndolle "adiós maestro" cun desplante: "adiós majadero".

Cóñecín e tratei na

miña xa longa vida a persoas moi cultas e as leccións máis fermosas que delas aprendín foron as da sinxeleza e as das súas compracentes miradas. Por iso din os psicólogos: "non te van xulgar pola cara que tes, senón pola cara que pos". Pero agora, co endiañado ritmo que nos impón a vida moderna por un lado e coa atención que moitos xa se ven "obrigados" a prestarlle ao móbil e á tablet mentres camiñan pola rúa por outro, case non queda tempo para levantar os ollos e mirarlle á cara aos que andan pola mesma beirarrúa. Así é que nin de conta te das se che poñen boa ou mala cara os que pasan xunta ti. "Comeza o día cun sorriso, e verás que divertido resulta ir por aí desentoadando con todo o mundo", deixou escrito un psicólogo.

E aínda que outros refráns din que "aprendiz de todo, mestre de nada" ou "aprendiz de moitas ciencias, mestre de poucas sabenzas", o que eu digo de que todos somos aprendices quere ser un apoio moral para aquelas persoas que sen ter un traballo

Aureliano Pereira de la Riva

César Camoira Vega, filólogo

Aureliano José Pereira de la Riva naceu o 22 de xaneiro de 1856 en Lugo. Entre 1878 e 1884, malia experimentar graves problemas económicos e as denuncias do cardeal Payá, sustentou o *Diario de Lugo* e durante o período 1884–1893 dirixiu *El Regional*. En 1890, alentado por unha carta de Manuel Murguía, impulsou a constitución do Comité Rexionalista de Lugo. Tras ocupar diversos cargos provinciais en representación do Partido Republicano Federal de Galicia, abandonou a militancia na formación lucense debido á conflitividade interna. Por razóns descoñecidas reposicionouse no Partido Liberal–Fusionista. Asentado en Madrid, onde morreu o 31 de outubro de 1906, compaxinou o traballo de funcionario coa crítica eventual de teatro no diario *El País*. Con todo, mantivo aceso o galeguismo con intervencións filoobreiristas de carácter social.

Unha das súas parcelas relevantes foi a articulación ideolóxica do rexionalismo federalista. Deseguido sinalamos algúns aspectos sobranceiros:

- **O progresismo social** implicaba o laicismo, o anticlericalismo, o sufraxio feminino, a división clasista e o protagonismo contemporáneo da clase obreira. Consecuentemente, os artigos "Emigración" e "Estado de la población rural en Galicia" evidenciaban o compromiso cívico coa cidadanía galega. Por certo, a prohibición de as mulleres exercerem a Medicina motivou o editorial "A muller e as carreiras profesionais", aparecido o 6 de abril de 1881 no *Diario de Lugo*, no que considera "unha pobrísima idea da nosa cultura" rele-

ga—la muller ós oficios derivados do fogar. Esta postura defendeuna tamén no Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego (1887).

- **O posicionamento político** caracterizábase polo rexeitamento da monarquía e a fórmula republicana.

- **O proxecto hexemónico** explícitase coa problemática da redención foral e o papel central da pequena burguesía rexionalista na orientación e dirección do campesiñado.

- **O modelo xurídico–político** baseábase na defensa dun radicalismo democrático e descentralizador e na inclusión da nacionalidade orgánica galega dentro da nación española.

A obra literaria en galego, espallada en publicacións da época, fórmase dos poemarios *Cousas d'a aldea* (1891), *iTerra, a miña!* (1891) e *A cova d'a serpe* (1892). Ademais, compuxo outros textos poéticos: "O simpático artista gallego Maximino Fernandez" e "¡Adios!", ámbolos dous coa rúbrica A. J. PEREIRA; "A D. Fedirico", baixo a sinatura de PEREIRA, e dous máis, "Ó meu amigo Armando Miranda Palacio n'a morte d'o seu fillo" e "A Curros", firmados como AURELIANO J. PEREIRA. O autor proporcionálles heteroxeneidade temática. Recorre, por exemplo, á preocupación social, que ten por obxecto crítica—las malas condicións vitais e as desigualdades sociais do pobo galego; ó costumismo, empregado humoristicamente para recrear peripecias amorosas nun espazo galego; á fondura intimista, subdividida, á súa vez, en amorosa, existencial e nostálgica, e a diversas circunstancias vitais.



fixo e tampouco unha especialidade concreta, non se acovardan e seguen buscando sen parar unha colocación, comezando pola súa conta unha actividade. A grande maioría de importantes empresas empezaron dende abaixo, fundadas por persoas que só contaban cunha gran vontade, iniciativas propias e o convencemento de que "do traballo sae todo". E dende logo tamén da seriedade, da constancia e dunha férrea administración económica dende o primeiro día.

Como neste sinxelo traballo, abondaron os refráns, voume permitir poñerlle o carapucho cun moi noso que sempre lles oín dicir xa a meus



pais e a meus avós: "vai a vella morrendo e vai aprendendo".

EVA NOVÁS MATO, AVOGADA

“O cliente busca defenderse pero tamén atopar alguén que lle ofrezca confianza”

Acaba de dar os seus primeiros pasos como avogada en Melide pero xa coñece perfectamente as entrañas da profesión, non só polo tempo que leva traballando na quenda de oficio senón tamén porque a exerce dende a vocación e o convencemento da súa utilidade pública.

Así entende Eva Novás Mato a avogacía, que exercerá a partir de agora dende o seu despacho da rúa San Antón; un espazo aberto a consultas e ao asesoramento onde a confidencialidade e unha relación directa e de confianza co cliente serán os piares do seu traballo no día a día.

-Cada avogado ten un xeito diferente de traballar. Que destacarías do seu propio?

-Eva Novás (E.N.): Procuero que os clientes estean asesorados por completo. Non todo se arranxa nun xuízo e informarse dá moitas máis opcións. Ás veces é cuestión de atallar dende o principio, por exemplo cunha negociación ou mediando coa outra parte. Tamén me parece fundamental a confianza; que o cliente entre e deixe o seu problema aquí, que saiba que vai estar asesorado en todo momento e que pode chamar cando o necesite para saber como vai o seu caso. Buscamos unha relación de proximidade e por iso é que tamén abrimos os domingos de feira en Melide, para facilitarlle as cousas ás persoas que non son da vila e que aproveitan ese día para achegarse.

-Vexo que lle concede unha grande importancia á relación persoal co cliente...

-E.N.: Para min é fundamental. Todos os avogados ao final facemos un pouco de psicólogos, no sentido de que é moi importante empatizar cas persoas, poñerse no seu lugar para ter unha perspectiva o máis ampla posible do caso, do que realmente desexan e necesitan. É moi difícil desligar o profesional do humano, sobre todo en certos temas penais ou de familia que teñen unha carga persoal moi grande. Ás veces é complicado e para facer ben o teu traballo non podes deixarte levar polas emocións. Cando alguén acode a un avogado non busca só defenderse senón que tamén busca alguén que lle ofrezca confianza e con quen se sinta cómodo contando todos os detalles do que lle pasa. Iso quizais é o máis difícil, pero os clientes teñen que saber que a



Eva Novás diante do despacho que acaba de abrir na melidense rúa de San Antón

confidencialidade para nós é sagrada. É coma ir ao médico e que te vexa espido; é o máis normal do mundo.

-Que áreas de traballo cobre o seu despacho? Ten algunha especialidade?

-E.C.: Levamos todo tipo de asuntos, especialmente penais e civís, sobre todo matrimonial e de familia, pero tamén laborais e administrativos. Ademais, xestionamos e tramitamos todo tipo de sancións, de tráfico, transporte, medio ambiente, etc.. en vía administrativa e por suposto, xudicial. A formación nesta profesión ten que ser constante: ao rematar a carreira pasei pola Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela e xa como avogada exercente sigo estudando e formándome. Por exemplo, especialiceime en mediación

civil e mercantil e estouno facendo en estranxeiría. Na actualidade son avogada da quenda de oficio en Santiago, o que compaxino co traballo no despacho de Melide.

-Que foi o que a levou a dedicarse á avogacía?

-E.N.: Eu creo que é vocacional. Evidentemente queres vivir disto, pero tes que ter un pouco de amor polo que fas e sobre todo vocación de servir... Se cadra no fondo somos un pouco idealistas e do que nos ensinaron cando estudamos ao final pouco queda. Hai momentos duros e é unha profesión que esixe moito dun, pero tamén che dá moita satisfacción cando acaba un proceso e hai clientes que che din que para eles es como da familia. Xa non é satisfactorio só o resultado, senón saber que

a xente confía en ti.

-Levou moitas decepcións unha vez que rematou a carreira con esa visión idealista da profesión?

-E.N.: Sería egoísta dicir que só eu o teño complicado. Evidentemente ao abrir un despacho tes todos os inconvenientes propios de quen empeza... ao mellor costa confiar nunha persoa nova, que evidentemente ten menos experiencia. Tes máis que demostrar e por iso tamén te esixes máis. A xente se cadra confía de mellor gana en alguén que ten unha experiencia de 20 anos pero o que non sabe e que ti, que non tes esa experiencia, suples esas diferenzas con formación e moitísimo traballo e dedicación.

-A crise tamén afectou á xustiza. A día de hoxe é un

“É difícil desligar a parte humana da profesional naqueles temas que teñen gran carga persoal”

“Buscamos unha relación próxima co cliente, lonxe da típica imaxe do avogado que só fai trámites”

dereito ou un privilexio acceder a ela?

-E.N.: Estábase convertendo nun privilexio, pero quero pensar que non é así e que facemos o posible para que iso non aconteza. Os avogados somos conscientes de como están ás veces os clientes e de que hai dereitos que non se reclaman precisamente por carencia de medios. Por iso destaco sempre o servizo enorme que facemos os avogados da quenda de oficio. A implantación de taxas no seu día tivo un efecto disuasorio que contradí calquera principio de xustiza. A situación económica non pode ser un obstáculo para o acceso á xustiza.

Eva Novás Mato

**Tlf: 662 302 618
R/ San Antón, 5**

LIQUIDACIONES DE STOCK




pikolin

DESCONTO DO
50%

- Ata fin de existencias.
- Unidades limitadas.



do 1 ao 30 de abril



MOBLES ARES

Tfno./fax: **981 50 55 64**

mobles@moblesares.com

Ronda de A Coruña, 62

Rúa Florentino L. Cuevillas, 12
15800 **MELIDE** (A Coruña)

Tamén abrimos
os domingos de
10:00 a 14:00 h.

É TEMPO DE CASTAÑO

*Mobles de madeira maciza
a prezos irresistibles*

Garantía de atinar